



PROGRAMA DE BENESTAR EN BALNEARIOS 2018



XUNTA DE GALICIA



Programa de Benestar en balnearios 2018

Convócanse un total de **679** prazas para participar no programa de Benestar en balnearios.

Os establecementos termais nos que se ofertan as prazas así como as datas nas que se van levar a cabo as quendas e o prezo por praza son os que figuran no anexo IV que se xunta.

Persoas beneficiarias e requisitos

1 Serán persoas beneficiarias as que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 60 anos ou maior de 55 e, neste caso, reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- b) Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, agás no caso de fillos ou fillas que acudan en calidade de acompañantes.
- d) Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- e) Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- f) Acadar, de conformidade co baremo establecido, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

2 A persoa solicitante poderá ir acompañada de:

- a) O seu ou a súa cónxuxe ou, se for o caso, a parella de feito ou persoa coa que teña unha unión estable e de convivencia con análoga relación á conxugal, sempre que cumpra os requisitos citados anteriormente, excepto o sinalado na letra a) do punto primeiro.
- b) Un fillo ou filla que teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre e cando este o poida facer sen necesidade de apoio de terceira persoa, se poida desprazar con autonomía, compartando o cuarto coas persoas proxenitoras e cumpra os requisitos anteriores, agás o da letra a).
- c) Unha persoa coa que desexe participar no programa, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos citados anteriormente.

Programa de Benestar en balnearios 2018



3 As persoas solicitantes terán que cumprir os requisitos establecidos na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Servizos e prestacións que se inclúen

- a) Estadía de 10 días, 9 noites.
- b) Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres de uso compartido.
- c) Tratamentos termais, coas indicacións terapéuticas que figuran para cada balneario no anexo IV, que comprenderán:
 - O recoñecemento médico, ao ingresar no balneario, para a prescrición do tratamento.
 - O tratamento termal básico que, en cada caso, prescriba o persoal médico do balneario.
 - O seguimento médico do tratamento.
- d) Programa de actividades de animación sociocultural que se leve a cabo no establecemento hoteleiro ou termal.
- e) Póliza colectiva de seguro turístico.



Solicitudes

As solicitudes presentaranse, preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>,

Para a tramitación destas solicitudes consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:



Programa de Benestar en balnearios 2018

- a) Documento nacional de identidade (DNI), ou número de identificación de estranxeiro (NIE), segundo proceda, relativo á persoa solicitante e, se for o caso, á que a acompaña: cónxuxe, parella de feito ou relación análoga á conxugal, filla ou fillo con discapacidade ou outra persoa.
- b) Certificado de empadramento relativo á persoa solicitante e, se for o caso, á que a acompaña: cónxuxe, parella de feito ou relación análoga á conxugal, filla ou fillo con discapacidade ou outra persoa.
- c) Declaración do imposto da renda das persoas físicas correspondente ao último período en que se presente a solicitude ou certificado das pensións outorgadas polo INSS ou pola Xunta de Galicia, da persoa solicitante e da acompañante, se for caso.
- d) Certificado do grao de discapacidade do fillo ou filla da persoa solicitante, se o dito certificado foi expedido pola Xunta de Galicia.

No caso de que as persoas interesadas ou acompañantes se opoñan a esta consulta deberán indicalo no cadro habilitado no modelo de solicitude ou nos anexos II ou III, segundo proceda, e achegar os documentos acreditativos correspondentes.

En todo caso, e cando proceda, terán que acompañar os seguintes documentos:

- Certificado das pensións non outorgadas polo INSS nin pola Xunta de Galicia, da persoa solicitante e da acompañante, se for o caso.
- Certificado do grao de discapacidade do fillo ou filla da persoa solicitante, se o dito certificado non foi expedido pola Xunta de Galicia ou non está no poder desta.

A documentación complementaria tamén se presentará preferiblemente por vía electrónica

* En cada solicitude só se poderá relacionar un máximo de tres destinos por orde de prioridade.



Programa de Benestar en balnearios 2018



Prazo de presentación de solicitudes

- Para as quendas que se leven a cabo nos meses de maio e xuño, ambos inclusive: **20 días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación da orde que regula o programa no Diario Oficial de Galicia (día 15 de maio)
- Para as quendas que se leven a cabo nos meses de xullo a outubro: ata o **31 de maio do 2018**.

Valoración de solicitudes

Para a adxudicación das prazas aplicarase o baremo que figura no anexo V da orde reguladora do programa, para o que se teñen en conta a idade e os ingresos económicos das persoas solicitantes.

En caso de empate daráselle prioridade ás persoas que teñan menores ingresos, seguidas das de maior idade.



Información

- **Consellería de Política Social**
 - Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia
 - Edificio Administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.
 - Tlfno: 981 546737 / FAX: 981 545691;
 - correo electrónico: autonomiapersoal.sxps@xunta.gal
 - <http://politicasocial.xunta.gal/web/portal/portada-de-maiores>



Programa de Benestar en balnearios 2018

- **Xefaturas territoriais**

- Servizos de Dependencia e Autonomía Persoal

Rúa Concepción Arenal, 7-9. 15006 A Coruña

Teléfono: 881881537 Fax: 981881506

Rúa Serra de Ancares, 68 baixo. 27003 Lugo

Teléfono: 982294896 Fax: 982889162

Rúa Concello, 14. 32003 Ourense (Centro Sociocomunitario)

Teléfono: 988372430 Fax: 988370884

Praza da Estrela, s/n - 3º Andar. 36201 Vigo

Teléfono: 986817214 Fax: 986817637

- **Centros sociocomunitarios de Benestar da Consellería de Política Social.**

- **Servizos sociais comunitarios dos concellos e servizos sociais de atención primaria e especializada de saúde.**

- **Teléfono Social: 900 333 666.**



Anexo IV. Establecementos termais, indicacións terapéuticas, quendas e prezos.

Destinos	Indicacións terapéuticas	Datas e quendas	Prezo da praza
Balneario de Acuña (Caldas de Reis)	Respiratorias e reumatolóxicas	Do 19 ao 28 de xuño	342,00 euros
		Do 11 ao 20 de setembro	
Caldaria Termal, S.L.U. Arnoia (A Arnoia)	Reumatolóxicas	Do 26 de xuño ao 5 de xullo	361,00 euros
Hotel balneario Augas Santas S.L.U. (Ferreira de Pantón)	Dermatolóxicas, respiratorias, reumatolóxicas, circulatorias e con efectos relaxantes	Do 21 ao 30 de maio	361,00 euros
		Do 4 ao 13 de xuño	
Os Baños da Brea, S.L. (Vila de Cruces)	Respiratorias e reumatolóxicas	Do 12 ao 21 de xuño	342,00 euros
		Do 30 de xullo ao 8 de agosto	
Balneario de Molgas S.L. (Baños de Molgas)	Dermatolóxicas, dixestivas, respiratorias, reumatolóxicas, renais e sistema nervioso	Do 16 ao 25 de xullo	287,50 euros
		Do 27 de xullo ao 5 de agosto	
		Do 21 ao 30 de agosto	
Balneario de Caldelas S.L. (Tui)	Dermatolóxicas, respiratorias e reumatolóxicas	Do 24 de setembro ao 3 de outubro	287,50 euros
Gran Balneario do Carballiño (con aloxamento na Residencia de Tempo Libre do Carballiño)	Dermatolóxicas, dixestivas, respiratorias e reumatolóxicas	Do 17 ao 26 de setembro	287,50 euros
Baños Vellos de Carballo S.A. (Carballo)	Respiratorias e reumatolóxicas	Do 18 ao 27 de xullo	342,00 euros
		Do 30 de xullo ao 8 de agosto	
		Do 23 de agosto ao 1 de setembro	
		Do 5 ao 14 de setembro	
		Do 17 ao 26 de setembro	
		Do 11 ao 20 de outubro	
Termas de Cuntis S.L. (Cuntis) (con aloxamento no Hotel Castro do Balneario)	Dermatolóxicas, respiratorias e reumatolóxicas	Do 5 ao 14 de xuño	361,00 euros
		Do 27 de xuño ao 6 de xullo	
		Do 1 ao 10 de setembro	
		Do 12 ao 21 de setembro	
Caldaria Termal, S.L.U. Laias (Cenlle)	Reumatolóxicas	Do 16 ao 25 de xullo	361,00 euros
Caldaria Termal, S.L.U. Lobios (con aloxamento no Hotel Lusitano)	Reumatolóxicas	Do 3 ao 12 de xullo	342,00 euros
Balneario do Río Pambre S.L. (Palas de Rei)	Dermatolóxicas, respiratorias e reumatolóxicas	Do 22 de xuño ao 1 de xullo	342,00 euros
		Do 5 ao 14 de xullo	
		Do 16 ao 25 de xullo	
Balneario Termas de Lugo S.L. (Lugo)	Respiratorias e reumatolóxicas	Do 2 ao 11 de xuño	361,00 euros
		Do 11 ao 20 de xuño	
		Do 20 ao 29 de xuño	
		Do 30 de xuño ao 9 de xullo	
		Do 10 ao 19 de xullo	
		Do 28 de agosto ao 6 de setembro	
		Do 6 ao 15 de setembro	

galicia



XUNTA DE GALICIA